

# DOCUMENTO POLÍTICO

EU ♥ FUTURO  
PARA  
GALICIA

Este documento político trata de fixar, no mapa xeral da política galega, as principais liñas de traballo que este equipo se propón de cara aos próximos catro anos de PODEMOS Galicia. É, sen embargo, un documento provisional, un esbozo da folla de ruta que este equipo propón para a nosa organización. En PODEMOS Galicia sabemos que só artellando un diálogo aberto coa sociedade, incorporando ao noso espazo de reflexión ás Universidades, ós centros de investigación, ás traballadoras e traballadores, ás empresas pequenas e grandes, á Administración Pública e ó terceiro sector poderemos elaborar un mapa o suficientemente preciso para sacar a Galicia do seu labirinto de clientelismo estrutural, subalternidade enerxética e industrial e o seu presente continuo de cronificación do desemprego e a emigración e normalización da precariedade.

A situación do País precisa do talento de todas e de todos. Por iso, se este documento é escollido como ruta política para a nosa organización, o compromiso desta equipa é convocar unha gran conferencia política de PODEMOS Galicia nos primeiros meses do ano 2019, na que poder contar coas voces internas e externas a PODEMOS Galicia comprometidas co cambio no noso País. Esta é a nosa convicción cara a acadar solución. Este é o noso compromiso.

En Galicia, como aconteceu no resto do Estado, á vez da crise económica viviuse una crise de réxime provocada, de xeito substancial, á corrupción da clase política. A Pokemon, a Pikachu, o caso Campeón, o Carioca ou a Patos son algúns dos casos máis soados da corrupción en Galicia.

Pero a xente dixo: basta! Naquel momento no que todo parecía perdido, no que a desafección coa clase política chegara a unha situación insostible e no que as medidas de austeridade remataban pouco a pouco co noso Sistema de Benestar a cidadanía organizouse e fixo da Política o centro do debate. Fronte a esa falta de interese e, en moitos casos, repulsa á política, comezou un movemento que reunía distintas sensibilidades que facían evidente que o réxime corrupto e caciquil que se estaba a vivir no conxunto do Estado non podía seguir durante máis tempo. O movemento 15-M rachou o taboleiro político do Estado e fixo que o sistema de partidos cambiase.

A sanidade foi un dos motivos polo que a cidadanía saíu á rúa. A Lei de Saúde de Galicia, aprobado so co apoio do Partido Popular foi o cumio da nefasta política sanitaria de Feijóo. As manifestacións e as concentracións recorreron numerosas cidades e vilas galegas, dando exemplo de dignidade e da vontade indubidable de apoiar a sanidade pública.

As protestas contra a mina de Touro-O Pino mostraron a unión de distintos sectores que se negaban á autorización da explotación da mina de cobre. O traballo importantísimo de plataformas, fixeron espertar unha preocupación por un proxecto que poría en perigo non só a zona próxima á mina, senón a ría de Arousa e, ante o risco de filtracións, resulta moi difícil fixar o risco e a magnitude de dano nas augas subterráneas.

Tamén saíron ás rúas os traballadores e traballadoras da CRTVG para loitar por unha radio e unha televisión públicas sen inxerencias políticas. Os venres en negro tinguiéron as cadeas públicas galegas para reclamar a independencia e o arquivo de expedientes contra unha xornalista por facer o seu traballo.

Tamén se mobilizaron os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza dependentes da Xunta de Galicia que reclamaban dereitos laborais e, como se veu coa unión de xuíces e fiscais, melloras no servizo de Xustiza.

E como non, é imprescindible citar as mobilizacións do 8M que marcaron un antes e un despois a nivel mundial, situando as demandas feministas no centro da axenda política e dos medios.

E todas estas mobilizacións sociais tiveron a súa tradución nas urnas. Coa aparición de PODEMOS nas eleccións europeas de 2014 produciuse un feito clave. A organización, que nacera meses antes e cunha estrutura en proceso de implantación en proceso, acadou a cuarta posición tanto en Galicia como no Estado. Esta irrupción no escenario político facía prever que se estaba a producir un cambio.

Esta mesma liña se seguiu nas eleccións municipais de 2015. En Galicia, tres das grandes cidades convertéronse nas cidades rebeldes. A cidadanía de Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol cambiou os seus antigos alcaldes para poñer ao fronte dos seus concellos a gobernos do cambio que PODEMOS apoiou. O mesmo aconteceu no resto de Estado onde gañamos os concellos de Barcelona, Madrid ou Cádiz.

Na coalición de En Marea nas eleccións estatais conseguimos ser a segundo forza en Galicia, quedando a pouco máis dun 10% do Partido Popular.

Nas derradeiras eleccións autonómicas, a pesar de conseguir ser a segunda forza no Parlamento, o resultado foi distinto, sendo preciso analizar e ser críticas con nós mesmas para saber cales foron os motivos, aprender deles, mellorar e medrar.

PODEMOS Galicia precisa medrar. Precisa medrar en implantación e no número de inscritos e inscritas. Precisa atraer a máis xente ao proxecto. Pero PODEMOS Galicia non pode andar só. Se queremos sacar ao Partido Popular dos concellos de Galicia e da Xunta é preciso traballar cos nosos aliados, coa sociedade civil, coas Universidades, cos traballadores e traballadoras, cos autónomos e as autónomas, coas empresas, cos sindicatos e con todo o tecido asociativo galego que ten tanto traballo feito pola defensa dos intereses de todos e de todas. É preciso colaborar, compartir o coñecemento adquirido durante todos estes anos e dialogar para cambiar o noso modelo produtivo, a nosa economía e as condicións de vida dos galegos e das galegas. Para todo isto fai falta un PODEMOS Galicia máis forte.

O presente documento é un traballo falado con distintos movementos sociais, sectores e cidadanía. Representa un marco no que movernos e a partir do cal traballar. Recolle diversas propostas xa defendidas por PODEMOS e que se fan esenciais no momento actual. Recolle tamén propostas de diversos colectivos que poñen o seu gran de area para que a vida da xente mellore.

Precisamos sumar a máis xente e facer do saber colectivo o pilar esencial das nosas políticas.

**Precisamos dun PODEMOS Galicia máis forte.**

- 1 MUDAR O MODELO PRODUTIVO
- 2 RECUPERAR DEREITOS
- 3 O MODELO TERRITORIAL



**MUDAR  
10  
MODELO  
PRODUTIVO**

---

**EU ♥ FUTURO  
PARA  
GALICIA**

## UN NOVO MODELO PRODUTIVO

É preciso mudar o modelo produtivo galego para aproveitar o potencial de traballo mediante a incorporación avances tecnolóxicos, organizativos, realizar unha transición enerxética e unha revisión ambiental. Este novo modelo ten que ter como elementos centrais a creación de novos postos de traballo de calidade e a non deterioración do noso patrimonio.

Este cambio no modelo produtivo ten que vir da man de políticas dirixidas ao retorno daqueles galegos e galegas que se viron, e se ven, na obriga de emigrar como única solución para ter un posto de traballo e unha vida digna. Ademais, estamos a falar da emigración da xeración mellor formada da nosa historia. A preparación destes galegos e galegas supuxo un grande esforzo para eles e elas, pero tamén para as súas familias e para a sociedade no seu conxunto. Se o modelo produtivo galego non é capaz de dar unha oportunidade laboral a esta man de obra cualificada, ademais do drama humano que supón, estémonos a atopar nunha situación crítica a curto prazo e nefasta a longo prazo, xa que cada vez será máis difícil manter os servizos públicos.

Unha parte importante da economía galega basease no sector primario. É preciso avanzar cara unha economía de transformación de produtos que permitan que o valor engadido na cadea de distribución dun produto, é dicir, dende a materia prima ata o seu consumo, repercuta en Galicia.

Apostar por esta transformación non quere dicir deixar de lado ao sector primario galego. Ao contrario, resulta lóxico que se temos un sector que engada valor aos nosos produtos a demanda dos mesmos se manteña ou ascenda, garantindo o mantemento do noso sector gandeiro, o do agro e o do mar.

Polo que afecta especialmente ao sector do agro e ao gandeiro hai que apostar por desenvolver todo o potencial da produción ecolóxica. Urxe, en todo caso, artillar plans destinados a garantir a viabilidade económica a curto prazo dos nosos traballos nestes sectores, ademais da planificación a longo prazo.

No sector do mar é preciso realizar unha recuperación das nosas rías ante a contaminación que sofren polos vertidos humanos e industriais. Ademais diso, outras medidas precisas son apostar pola pesca artesanal e o reparto xusto de cotas.

Tamén é importante debater sobre o noso modelo de extracción de recursos naturais. O máis evidente, é o forestal, en debate tódolos anos a raíz dos lumes. A produción forestal de Galicia representa case o 50 % do Estado, sendo preciso combinar a actividade económica con políticas forestais dirixidas á diversificación das especies e

a potenciación do monte. Este debate debe integrarse nun sobre a superación dun modelo no que se benefician as extraccións de recursos naturais que non producen beneficios sociais, ambientais nin laborais. problemas medioambientais, sociais. En Galicia, o Goberno de Feijóo aprobou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que non fai senón facilitar os trámites para a extracción de recursos naturais da madeira, eólicos e minaría en Galicia. Non se pode permitir que se destrúa o territorio e se empobreza, en tódolos sentidos, á sociedade.

En derradeiro lugar, e retomando a idea inicial, é preciso apostar pola industria xa afincada e traballar por ampliála nos distintos eidos. Os elementos centrais que teñen que apoiar a nosa industria son a garantía dos dereitos laborais, a modernización e a aposta pola competencia no factor de calidade e non exclusivamente no custo.

## SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA

O acceso á enerxía está directamente relacionado co benestar das persoas. A enerxía é necesaria para cocinar, para iluminar, para conservar o alimento, para ter auga quente e calefacción, servizos que debían ser considerados un dereito básico.

A labor de PODEMOS Galicia debe de ser a creación dunha conciencia ecolóxica na poboación, a protección do noso patrimonio natural e a promoción de políticas que promovan un sistema enerxético público e 100% renovable. Débese potenciar a produción descentralizada dende os municipios, a eficiencia enerxética dos edificios e unha tributación ambiental adecuada.

Debemos mudar a nosa forma de transporte cara un sistema de mobilidade sostible, co obxectivo de minimizar os efectos da contaminación na nosa saúde cun plan de calidade do aire. Do mesmo modo, debemos de impulsar a remunicipalización da auga, exercendo a soberanía hídrica. Un ben común non pode considerarse un produto financeiro ou comercial.



## INNOVACIÓN

Galicia ten unha comunidade investigadora envexable para a mínima inversión pública da Xunta, o gasto en I+D en Galicia sitúase nun 0,87% do PIB, lonxe da media española (1,19%) e aínda moito mais lonxe do 3% recomendado dende a Unión Europea. Con todo, a falta de compromiso político coa inversión en I+D+I levounos á perda, en catro anos (entre o 2010 e o 2014), de máis de de 1.200 investigadores (case o 20%), o gasto de I+D contraeuse un 10% e ningún destes indicadores parece revertirse a día de hoxe.

Xunto á falta de inversión pública en coñecemento e innovación súmase un tecido produtivo pouco favorable no que existe unha forte carga de empresa pequena e cun tecido industrial con pouco investimento en I+D+I.

É preciso apostar por un modelo produtivo capaz de aproveitar toda a súa potencialidade en termos de capital humano. O noso obxectivo será, combinar o I+D con políticas industriais activas e promoción de *clústers*, que favorezan a transformación do modelo produtivo. E sobre todo importa o financiamento da investigación dende as Universidades, establecer criterios de estabilidade e dignidade para os nosos científicos, que permita o retorno do capital científico expatriado.

Sería necesario tamén apostar polo desenvolvemento das tecnoloxías TIC, especialmente no rural, buscando mellorar a capacidade de desenvolvemento, fixar poboación e rachar a brecha dixital, garantindo a igualdade de acceso ás novas tecnoloxías, independentemente do ámbito xeográfico onde se implante e das características socioeconómicas.

## EMPRESAS E AUTÓNOMOS

Dous dos problemas máis graves ós que nos enfrontamos son o desemprego e a desigualdade. Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) deste trimestre a taxa de desemprego sitúase nun 14 % (no que o 33 % corresponde a menores de 25 anos).

A desigualdade por outra banda, vai en aumento, manifestándose niveis máis altos de pobreza e desigualdade social, vencellados ás rendas baixas derivadas de empregos precarios, ó incremento da duración do desemprego, ó envellecemento da poboación e a que Galicia conta coas pensións medias máis baixas do Estado.

Neste contexto, a OCDE reconece que, nos últimos anos, máis do 90% do emprego xerado en España parte de empresas de menos de 20 traballadores, autónomos, microempresas e pequenas empresas, ó tempo que as PEMES aportan preto do 65% do PIB español e unha porcentaxe moi similar do PIB galego.

Faise, por tanto, necesario, establecer políticas activas de apoio ás pequenas e medianas empresas e ós autónomos galegos co obxectivo de xerar emprego, e que traballemos para que este sexa estable, digno e de calidade.

A stylized map of Galicia is centered on the page, rendered in a dark blue color. The background is a gradient from light blue at the bottom to red at the top, overlaid with a white geometric pattern of interconnected lines forming various polygons. The number '2' is large and white, positioned to the left of the main text.

# 2 RECUPERAR DEREITOS

---

EU ♥ FUTURO  
PARA  
GALICIA

## DEREITO Á SAÚDE

En agosto deste ano unha persoa faleceu no PAC de A Estrada porque non se lle puido prestar atención inmediata polos recortes e a planificación de contratos que realiza a Consellería de Sanidade. Dixémolo unha e mil veces: os recortes matan! Este é o cúmulo da vergonza do Goberno Feijóo en sanidade, pero non é un feito illado. A política do Partido Popular na Consellería de Sanidade é un cúmulo de desfeitas que poñen en perigo as nosas vidas.

Outro exemplo témolo coas listas de espera. Os datos que publica a Xunta, que non inclúe as listas de espera non estruturais, son tráxicos e non experimentan melloras dignas de mención.

Pero toda moeda ten dúas caras, o desmantelamento do servizo público de saúde ven da man da financiación da sanidade privada por distintas vías.

Unha forma de facelo foi creando a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos e privatizando a xestión.

Outra forma na que os galegos e galegas financiamos empresas privadas témola no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, unha insignia do Goberno de Feijóo que nos custou millóns de euros. Ten unha financiación público-privada e unha xestión de servizos privada. Deste complexo sanitario destaca a atención primaria, é das que ten menos financiamento e con indicadores negativos de lista de espera, a pesar de ser das máis custosas polas privatizacións.

Máis recente é o conflito de POVISA, empresa sanitaria que tras anos de concesións e beneficios, sen mellorar as condicións laborais dos seus traballadores e das súas traballadoras, chantaxea á Xunta de Galicia se non recibe máis financiación. Todo de man de dicir que o servizo público non funciona.

E o punto álxido da política sanitaria de Feijóo chegou coa aprobación da Lei Galega de Saúde. Esta Lei, aprobada de xeito unilateral polo Partido Popular, sen o apoio nin da oposición parlamentaria, nin dos profesionais da sanidade galega nin da sociedade civil. Con esta Lei aprobada, PODEMOS Galicia denuncia, entre outras, as seguintes medidas:

- O desmantelamento das áreas sanitarias.
- A conversión do SERGAS nunha industria de patentes en lugar de ser o servizo de saúde.
- As privatizacións do sistema sanitario galego.

Todo isto condénsase en afirmar que a sanidade pública non lle importa ao PP. Na sanidade fai o mesmo que noutros sectores: deixa de financiar, deteriora e fai inviable o sistema e privatiza. O Goberno de Feijóo ve a saúde como unha sorte de negocio e aposta pola privatización.

Dende PODEMOS Galicia propoñemos deseñar unha nova planificación sanitaria, cos profesionais, que teña en conta o envellecemento da poboación, o reparto da poboación en núcleos por todo o territorio e que conte, como eixo vertebrador, cunha rede de centros públicos. Algunhas das medidas que apoiamos no que a dereito á saúde se refire son as seguintes:

- Elaboración dun plan para a reversión progresiva á xestión pública de todas as privatizacións.
- Aprobar unha nova Lei de Saúde de Galicia.
- Aumentar a financiación da atención primaria.
- Planificación do emprego na saúde.
- Garantir a publicidade dos datos sanitarios, nomeadamente das listas de espera.
- Apoiar a investigación pública e aqueles acordos que supoñan melloras de interese xeral.
- Deseñar un plan de saúde dirixido a cada grupo de idade, facendo unha especial chamada de atención aos e ás estudantes e á terceira idade. Neste plan debe constar unha vida activa, loita contra o sedentarismo e hábitos de vida saudables.
- Deseño dun plan específico de prevención para a muller.

É preciso botar ao Partido Popular da Xunta de Galicia pero recuperar o dereito á saúde, baixo a conciencia de que estamos a falar de dereitos e non de negocios. Coa vida non se xoga porque a vida non ten prezo.

PODEMOS Galica defende o dereito á saúde e á sanidade pública.

## DEREITO AO EMPREGO, COIDADOS E BENESTAR SOCIAL

A crise económica e financeira de 2008, sumada ás políticas de austeridade, de recortes sociais e de dismantelamento dos servizos públicos que leva practicando o Partido Popular de Feijóo en Galicia, acentuaron aínda máis nos últimos tempos as desigualdades e a perda de dereitos tanto no eido social como laboral entre as clases medias e baixas en Galicia. As mobilizacións feministas do 8M puxeron de manifesto o malestar social ante as actuais prioridades da axenda política, así como a xestión da crise a distintos niveis. Estas políticas neoliberais, precarias e lesivas, imposibilitan non só o desenvolvemento do benestar da poboación galega xerando unha maior inestabilidade dun mercado completamente fragmentado, senón que incrementan de xeito exponencial o número de persoas en risco de vulnerabilidade e exclusión social, ademais de descargar os efectos negativos con especial intensidade sobre as mulleres e os maiores, tanto nas grandes urbes coma nun rural case sempre illado e descoidado polas administracións.

A poboación galega, cada vez máis envellecida, precisa dun goberno cuxas políticas estean ao servizo das persoas e non ao dunhas elites económicas que só buscan o seu beneficio persoal. Dende PODEMOS Galicia consideramos que cumpre aproveitar a oportunidade de reabrir os debates de ideas, de recuperar como prioritarias as políticas sociais para mellorar a vida das galegas e galegos. É tempo de avanzar, medrar e recuperar os nosos dereitos. Para iso, é indispensable rescatar o protagonismo social que lle foi arrebatado ás persoas, traballando da maneira conxunta coas diferentes asociacións, plataformas civís e movementos sociais apostando por:

- Continuar coa análise das necesidades reais na nosa comunidade, establecendo novos modelos que garantan unha mellora no nivel de benestar atendendo aos contextos e diversidade da sociedade. Isto implica non só mellorar os niveis de investimento en políticas públicas senón adaptar á realidade actual os diferentes instrumentos das administracións.
- Reverter o dismantelamento do sistema de coidados, prestando especial atención á falta de investimento en protección á infancia e á atención integral ás persoas con diversidade funcional, así como ás dificultades en materia de conciliación familiar e a necesidade de establecer unha mellora no marco do sistema de protección social.

- Abordar as problemáticas de vulnerabilidade social e niveis de dependencia, apostando por alternativas eficientes que ofrezan unha protección real que se axuste a súas necesidades.
- Establecer plans de cooperación e coordinación entre administración públicas, locais e autonómicas, en materia de emprego.
- Analizar os plans de envellecemento activo e fomento da natalidade, e apostar por un plan de mellora nos servizo de axuda a domicilio (SAD-dependencia).

## DEREITO Á EDUCACIÓN

A educación é un dereito que a Xunta ten que garantir. Dende PODEMOS Galicia defendemos unha cousa clara: a educación pública debe ser o eixo vertebrador dun sistema educativo galego de calidade, inclusivo, laico, democrático e non segregador.

O dereito á educación ten como dúas das súas finalidades principais garantir da igualdade de oportunidades e desenvolver unha sociedade crítica na que os individuos sexan quen de desenvolver o seu propio pensamento e a propia personalidade.

Esta concepción ráchase cando dende algúns sectores se aposta pola utilidade da educación no sentido de ser un instrumento en mans do mercado. O principal problema é a visión que ten o Partido Popular de que a educación é un negocio e que resulta preferible defender os intereses de algunhas empresas por riba dos dereitos da propia cidadanía. Esta é a idea que se sostén dende o neoliberalismo e é a que está na esencia de tódolos recortes aplicados na educación galega polo Goberno de Feijóo.

O exemplo máis recente e claro da mala xestión do Partido Popular é o IES de Brión. Neste centro o inicio do curso está marcado polo peche de pais e nais do alumnado do centro que se negan a que os seus fillos e as súas fillas estuden nunhas condicións deplorables polos recortes que está a aplicar a Consellería de Educación, dentro das que destaca que, segundo confirman os propios pais, habería clases de cuarto da ESO con 30 e 31 alumnos e alumnas.

Pero non é o único centro no que houbo problemas: o Barrié de la Maza (Santa Comba), o CEIP de Arcediago (Santiso), o peche de escolas do rural ou a falta de comida nos comedores en centros como o Basanta Silva de Vilalba son exemplos da falta de interese da Xunta de Galicia pola educación pública.

Os alumnos e as alumnas da educación pública galega viron durante o Goberno de Feijóo como cada vez se destinaban menos recursos para poder ter a educación de calidade á que teñen dereito. Cando falamos dunha educación de calidade incluímos non só as ratios de alumnos por aula, a cantidade de materias optativas ou os profesores de apoio, senón que tamén facemos referencia aos servizos de transporte, comedor ou actividades extraescolares; porque a educación non debe concibirse como unha etapa para obter un título senón como ese acto integral que permite o desenvolvemento do propio individuo en todos os aspectos.

Neste momento convén facer unha chamada de atención á situación na que se atopa unha parte do alumnado do rural ao que a falta de vontade política da Xunta se lle suma o declive demográfico galego e o despoboamento. O primeiro que hai que afirmar ao respecto é que existe un desmantelamento progresivo da escola rural, este anos pecharon máis de vinte centros. Esta acción enmárcase no que parece o proxecto de Feijóo para acabar coa educación no rural galego, coa eliminación de escolas unitarias. Fai falta pensar en todo o potencial que ten o noso rural e loitar contra a súa desaparición.

Tampouco nos podemos esquecer das ensinanzas máis especializadas como a da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia á que, ademais de non recoñecerlle o título de grao, vénselle de reducir o profesorado, a pesar de ser o único centro de Galicia no que se desenvolve esta área do coñecemento. Na mesma situación se atopan o resto de ensinanzas artísticas como os Conservatorios de música autonómicos.

A Xunta de Galicia tampouco ten vontade de garantir que os galegos e galegas poidan desfrutar dunha educación de primeira calidade a educación galega.

Está claro que os principais afectados polas medidas educativas do Goberno de Feijóo son os e as estudantes, pero o profesorado galego tamén é vítima dos recortes aplicados polo Partido Popular. Os traballadores e traballadoras da educación pública galega tiveron que aportar máis horas de traballo e máis alumnos e alumnas por aula, cunhas ratios que complican que cada estudante reciba a atención óptima, e cunha perda de persoal de reforzo que fai case imposible a atención á diversidade propia de cada grupo de rapaces e rapazas. É preciso volver a dignificar ao persoal docente xa que grazas a súa vocación e ao seu esforzo a educación pública galega mantivo unha calidade que sería imposible de ser polos xestores populares.

Esta situación vese agravada no caso do persoal interino que está sometido a contratacións que fan precarias as súas vidas e as someten a unha dúbida constante pola deficiente previsión da Xunta.



E por outra banda atopamos que o Goberno de Feijóo segue financiando aos centros concertados que segregan por sexo, unha discriminación que todos os galegos e galegas estamos a financiar e que vai en contra do propio Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia aprobado polo Partido Popular. Mentres que este Plan afirma que *"a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas"*, a Xunta financia ós colexios que segregan por sexo.

PODEMOS Galicia entendemos que é preciso acadar tres obxectivos básicos:

- Consolidar unha rede de centros públicos e non segregadores, garantindo a fin de concertos con centros que separan por sexos e cos que discriminan por calquera outro motivo.
- Garantir a gratuidade no tramo 0-3 anos mediante unha rede de escolas públicas.
- Garantir que a inversión en educación acade como mínimo o 7% do PIB.

Outras das propostas máis concretas que apoiarnos son:

- Derrogar a LOMCE e o resto de normas que dificultan a igualdade de oportunidades e o fomento da opinión crítica.
- Comezar a aplicar os acordos acadados co Goberno do Estado.
- Eliminación das reválidas, poñendo en valor a capacidade docente dos nosos profesores e profesoras.
- Entender a diversidade das aulas como un feito positivo, fomentando os talentos persoais e o desenvolvemento de cada individuo como tal.
- Democratizar os centros educativos, recuperando o valor do Consello Escolar, abrindo as conexións cos pais e nais do alumnado.
- Fomentar a conciliación familiar.
- Fomentar o galego como lingua vehicular en todas as etapas educativas dentro dun modelo plurilingüe non segregador que potencie a integración, garantindo que todos os rapaces e rapazas accedan a ditos centros.
- Apoiar as ensinanzas artísticas e dotalas dunha financiación adecuada.
- Dotar aos centros de profesorado especializado de logopedia, psicoloxía terapéutica e garantir a atención dos menores que sofren violencia machista de xeito persoal ou no seu entorno.

- Aprobar un plan de educación específico do rural, dotando cos medios humanos e materiais necesarios para garantir que o alumnado poda desfrutar da mesma calidade educativa e de medios que o de zonas urbanas.
- Dotar dos medios económicos e de transporte de uso exclusivo para o alumnado necesarios tanto para o acceso aos centros escolares como para as actividades complementarias, estendendo os mesmos ata o Bacharelato e a FP.
- Blindar as partidas orzamentarias destinadas a cubrir os gastos enerxéticos dos centros educativos.
- Crear un Observatorio escolar do medio rural para dar resposta aos proceso educativos que se realizan diariamente no rural.
- Recuperar as aulas de diversificación curricular no último tramo da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Substituír as materias de relixión pola de Educación para a Cidadanía, ampliando a asuntos de violencias machistas, racismo...
- Aplicar protocolos de linguaxe inclusivo.
- Garantir a gratuidade dos libros de texto con un sistema de intercambio.
- Asignar a competencia de ensinanza no tramo de 0 a 3 anos á Consellería de Educación e non á de Benestar Social.
- Dotar á Universidade de máis recursos.
- Transformar a Formación Profesional básica nunha verdadeira alternativa de formación para o alumnado, garantindo a atención á diversidade e a especialización.
- Substitución do profesorado dende o primeiro día de baixa e rematar co prexuízo salarial polas baixas laborais.
- Recuperar as condicións laborais e docentes anteriores á contrarreforma do 2010.
- Dotar aos centros de comedores escolares propios, fomento o consumo de produtos de proximidade.
- Dotar aos centros de profesorado específico para o alumnado con diversidade funcional.
- Revisión dos centros para garantir que permiten o acceso a todos os espazos comúns do alumnado con diversidade funcional.

PODEMOS Galicia defende a educación pública.

## A DEFENSA DA LINGUA GALEGA

A comezos dos anos setenta publicouse no eido do ensaio galego un libro irrepetible: Informe –dramático– sobre la lengua gallega. O seu autor, Xesús Alonso Montero, insistía en afirmar que, de non se produciren cambios inmediatos, a nosa lingua nun período de dez a quince anos quedaría irremediabilmente case no esquecemento e calquera esforzo polo seu mantemento sería en van. Fai uns meses, a Real Academia Galega, chamaba a atención sobre o desuso do noso idioma e sobre como se abriu unha brecha xeracional que imposibilita a transmisión da lingua.

Sobre todo isto trata o Informe de resultados sobre Lingua e sociedade en Galicia de 1992 a 2016, publicado pola Real Academia Galega. Dito informe fai eco inevitable do envellecemento da poboación galega. En 1985, os menores de 16 anos duplicaban ós maiores de 65. Hoxe, sen embargo, a situación deulle practicamente a volta. No ámbito rural durante os anos cincuenta do pasado século preservábase o uso do galego, pero ao desaparecer case por completo o mundo labrego e mariñeiro, o proceso de modernización impón o castelán como lingua dominante. A lei de Normalización Lingüística de 1983 non foi ben xestionada institucionalmente, a pesar da presenza do galego no ensino e na vida pública estes factores resultaron insuficientes. No estudo tamén se mantén o dato de que é no ámbito familiar onde se produza principalmente a aprendizaxe lingüística oral. Pero, como resulta lóxico, unha gran preocupación céntrase no seu uso entre os grupos dos máis novos.

Estes datos poñen de manifesto que a política lingüística dos gobernos de Feijóo foi ineficiente e devastadora para a lingua galega, xa que non conseguiu frear a perda de falantes ocasionada por políticas que historicamente desprestixiaron a nosa lingua e a encheron de prexuízos sociais. Os intentos dos gobernos anteriores de medidas para normalizar o galego fracasaron estrepitosamente.

PODEMOS Galicia é un claro defensor da nosa lingua e do patrimonio cultural que trae consigo. Ademais do valor cultural é preciso por en relación o galego co portugués, unha das linguas máis faladas do mundo e coa que existen vínculos innegables.

PODEMOS Galicia aposta ademais por un cambio no modelo educativo, dirixido á aprendizaxe doutras linguas pero poñendo ao galego como lingua vehicular. Así, apostamos por superar o decreto do plurilingüismo de Feijóo, que non conta co respaldo da comunidade educativa. Defendemos, na mesma liña da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, ratificado por España no 2001, que o galego sexa garantido de xeito substancial en todas as etapas educativas; e non en relegalo a unha programación residual como fai o Goberno Feijóo.

Dende PODEMOS Galicia apostamos por unha política lingüística dirixida á normalización e á posta en valor do galego, dirixindo estes esforzos especialmente á xente máis nova e ás cidades.

Por todo disto, PODEMOS Galicia propoñemos as seguintes medidas concretas referentes ao impulso e posta en valor do galego:

- Que o decreto do plurilingüismo sexa derogado de forma inmediata e que se promulgue unha nova norma, elaborada en colaboración coa comunidade educativa.
- Fomentar que o galego sexa a lingua principal da Administración Pública e da relación da mesma coa cidadanía, potenciando unha linguaxe sinxela que facilite a comprensión por parte de todos os galegos e galegas.
- Apoiar a dobraxe de filmes e series ao galego.
- Impulsar acordos para que a información dos xogos sexa en lingua galega.
- Fomentar a industria musical, cinematográfica e literaria en galego.
- Estimular o papel normalizador da CRTVG, actualizando os contidos de lecer infantil e xuvenil en galego e promovendo unha programación de calidade que poña en valor o galego.

## DEREITO Á VIVENDA DIGNA

Falar do dereito á vivenda digna implica poñer á cidadanía no centro das políticas habitacionais. Esta afirmación tan lóxica vimos como non se aplicou durante a crise económica, na que se favoreceu ás entidades financeiras en lugar de apoiar á cidadanía. O apoio ás entidades financeiras supuxo a violación sistemática de Dereitos Humanos no Estado coa porcentaxe de vivenda máis amplo da Unión Europea.

Un dos elementos polo cal se produciron estes ataques foi que, a pesar do contido do artigo 47 da Constitución, a vivenda digna non é considerado un dereito para as elites xa que o conciben como un negocio do cal poden obter un beneficio.

E pódese pensar que os desafiuzamentos foron os únicos problemas porque eran os máis visibles, pero falar de vivenda digna é falar de suministros, é falar de fogar. Por todas estas reclamacións naceron movementos sociais na defensa do dereito á vivenda digna.

Dende PODEMOS Galicia propoñemos que o horizonte en materia de vivenda digna sexa garantir constitucionalmente un dereito mínimo vital de primeira orde, permitindo facer efectivo este dereito diante dos tribunais.

Algunhas das medidas que apoiamos dende PODEMOS Galicia na defensa do dereito á vivenda digna son:

- Apostar por un Pacto de Estado pola Vivenda. Pacto que ten que ter unha dotación económica e non quedar nunha declaración de intencións.
- Elaboración de Plans para o control de vivenda destinada a uso turístico.
- Dotar competencial e economicamente aos concellos para que, como institución máis próxima á cidadanía, poidan atender ós casos máis urxentes.
- Deseñar, de xeito coordinado cos concellos, plans de vivenda específicos, atendendo ás necesidades concretas e prestando atención ás particularidades de cada municipio.
- Aprobar un plan contra o despoboamento do rural, mellorando os servizos e xerando novas oportunidades laborais.
- Promover a rehabilitación de vivendas apostando polo illamento térmico e o aforo enerxético.
- Creación de mesas de colaboración específicas de vivenda entre distintos organismos (Administración local, Administración autonómica e axentes sociais) e, dentro de cada Administración, entre as persoas con competencias de política social, urbanismo, economía e facenda.
- Ampliación do parque de alugueiro público, xestionado por expertos e revisión da regulación das Vivendas de Protección Oficial.
- Estimulación do alugueiro como alternativa habitacional, fixando prezos, porcentaxes de suba ou ampliando a duración dos contratos para convertelos nunha alternativa real.
- Regular a dación en pago.
- Promover as negociacións e acordos entre a cidadanía e o sector financeiro público.
- Control dos abusos bancarios en materia de vivenda.

## MEMORIA HISTÓRICA: VERDADE, XUSTIZA E REPARACIÓN

Co cambio de Goberno no Estado abriuse a posibilidade de iniciar unha nova etapa, un novo tempo que permitise un novo acordo. O principal feito que marcou este novo período foi a aprobación do Real Decreto-Lei 10/2018, do 24 de agosto, polo que se modifica a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. A través desta norma fíxose real a demanda de exhumar os restos de Francisco Franco do Valle de los Caídos.

Dende PODEMOS Galicia non podemos senón apoiar esta medida, algo que reclamamos como esencial, mais afirmamos que é preciso exhumar a Franco e tamén ao Franquismo.

Rematar co Franquismo implica prestar atención ao resolto pola ONU. Recentemente Fabián Salvioli, Relator da ONU para a promoción da verdade, da xustiza, da reparación e das garantías de non repetición, explicou que é preciso derrogar a Lei de Amnistía e xulgar aos responsables do Franquismo. Esta é a única vía para camiñar cara a reconciliación. Ademais, tamén chamou a atención da necesidade de facer unha Comisión da Verdade acordada coas vítimas.

Acotando á realidade galega, o golpe de Estado triunfou en menos dunha semana. Esta afirmación non quere dicir que a violencia cesase coa dominación do territorio; ao contrario, unha vez que tiñan o control de Galicia comezaron unha serie de represións e asasinatos para garantir unha posición de dominio total. A cifra de vítimas do Franquismo en Galicia aumenta segundo o fan as investigacións e é común a existencia de fosas comúns de vítimas do Franquismo nos cemiterios dos pobos galegos.

Para PODEMOS Galicia hai que prestar especial atención ao tempo. No 2036 cúmprense 100 anos dos primeiros asasinatos. A partir de entón, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, muda a clasificación dos restos que se atopen, e estes estarán catalogados como restos arqueolóxicos, tendo que ser depositados nos fondos de museos, e non podendo ser entregados ás súas familias. Por todo iso, hai que artellar un plan para recuperar e protexer os restos das vítimas e garantir a súa financiación.

Con ese horizonte do 2036, é preciso apoiar unha serie de medidas concretas dirixidas a conseguir a Verdade, a Xustiza e a Reparación. Algunhas das que propoñemos dende PODEMOS Galicia son:

- Recoñecer que se tratan de crimes contra a Humanidade, como afirman os informes da ONU. Estamos ante un conflito de dereitos humanos e os gobernos teñen que respectar ás vítimas e as súas familias.
- Aprobar unha Lei autonómica de Memoria Histórica. Esta norma é esencial para comezar a traballar no resto de medidas con todas as garantías. Galicia precisa garantir as súas particularidades mediante unha lei do Parlamento. Ademais, ten que garantirse que vai haber financiación para que esta norma se poña en funcionamento. Non podemos tolerar que se aproben normas e non se lles poda dar cumprimento porque non se doten economicamente, algo que xa fixo no Estado o Goberno de M. Rajoy.
- Conseguir a anulación dos xuízos do Franquismo. Coa Lei de Amnistía de 1977 conseguíuse que os que cometeron delitos, os torturadores e os golpistas non fosen sometidos a xuízos e non tivesen que render contas polos feitos cometidos durante a Ditadura. Fronte a isto vemos como as sentenzas dos que defenderon a democracia e foron procesados sen garantías, moitos en xuízos sumarísimos, non se anulaban e son considerados criminais. Fai falta reparar a honra destas persoas.
- Recuperar, reunir e catalogar a documentación da Administración franquista; e facilitar o seu acceso aos investigadores, para poder realizar estudos sobre esta etapa da nosa historia.
- Fomentar a visibilidade das vítimas do Franquismo. Estreitamente relacionado coa proposta anterior, é preciso identificar ás vítimas, poñerlles nomes e apelidos. Non se trata simplemente de recompilar as identidades, senón de identificar a aquelas persoas aos que os represores enterraron sen identificar e asinando as partidas de defunción coma “descoñecidos”, eliminando todo rastro de humanidade.
- Elaborar un mapa de fosas e exhumación dos restos. É preciso dotar economicamente un plan para a elaboración dun mapa exhaustivo das fosas que hai en Galicia e proceder á exhumación de todas elas. Dado que xa pasaron 82 anos dende 1936, moitos familiares de vítimas xa faleceron, e sería preciso elaborar un banco de ADN para poder identificar dun xeito máis sinxelo. Ademais, para facilitar que as familias poidan solicitar a exhumación dunha persoa desaparecida, é preciso ampliar o grao de consanguinidade para poder facelo.

- Facilitar o acceso a documentación aos coñecidos como “bebés roubados”.
- Dar cumprimento a Lei de Memoria histórica eliminando todos os nomes e iconografía franquistas de rúas, prazas e demais edificios públicos.
- Reclamar a devolución ao pobo dos bens ilexítimamente en mans da familia Franco, facendo unha especial chamada de atención ao Pazo de Meirás e as figuras do Mestre Mateo do Concello de Santiago de Compostela.



A stylized map of Galicia is shown in a light blue color, overlaid on a background of a red-to-blue gradient with a white geometric pattern of interconnected lines forming various polygons. The map is positioned in the upper left and center of the frame.

# 3<sup>0</sup> MODELO TERRITORIAL

---

EU ♥ FUTURO  
PARA  
GALICIA

Existe un debate sobre o modelo territorial que pon en dúbida o modelo do 78 e esixe unha reforma da Constitución. Dende PODEMOS Galicia apostamos por un modelo descentralizado dirixido á solución dos problemas sociais.

O conflito catalán precipitou este debate e a ineficacia da clase política fixo que, por intereses electorais, non se puideran iniciar negociacións dirixidas a acadar un pacto de Estado e unha reforma Constitucional.

Dende PODEMOS Galicia defendemos o feito irrenunciable de que Galicia é unha nación.

Para PODEMOS Galicia o noso modelo de Estado é un Estado federal plurinacional asimétrico, nos termos defendidos polo catedrático Ramón Máiz. O noso modelo de Estado avoga por un autogoberno e por un goberno compartido, no que o Senado sexa unha auténtica cámara de representación territorial e existan conferencias sectoriais que funcionen de xeito horizontal.

Os termos plurinacional e asimétrico fan referencia a recoñecer e defender as distintas decisións dos territorios baixo o coñecemento de que os acordos valen para uns e para outros non. O modelo federal ten que estar aberto a experimentos e acordos permitindo que os distintos electorados decidan en que invertir nos seus orzamentos, sempre da man dunha coordinación horizontal.

É preciso apostar por manter a diversidade interna e a solidariedade internacional. Nun mundo interdependente é preciso ter o acordo e o pacto como principios esenciais da vida política.

EU ♥ FUTURO  
PARA  
GALICIA